




1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Golfo Ártabro. Sector: Ría de Ferrol. Concello: Mugardos e Ares. Parroquia: San Xulián de Mugardos, no extremo oriental; e San Pedro de Cervás no resto da unidade; Extensión: 1,51km

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade acantilada granítica, de relevo moi marcado en anfiteatro moi aberto, caracterizado por pendentes moi fortes que salvan un desnivel de máis de 250m en menos de 750m de lonxitude. A liña costeira ten numerosas marcas artificiais procedentes de actividade extractivas de pedra a ceo aberto. Inclúe o EIX Gorxa da Ría de Ferrol.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade incluída por completo no Macizo de Ferrol, hercínico. Ten como material unha granodiorita postectónica (tardía) de dúas micas con orientación de fluxo.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Vertente acantilada de clima homoxéneo cun réxime ombrotérmico Cálido e Subhúmido. A temperatura media anual supera os 14°C e as precipitacións medias acadan valores entre 1000mm e 1200mm ao ano. A oscilación térmica rolda os 13°C.

OS SOLOS

Litoloxía granítica, afloramentos rochosos, superficialidade do substrato rochoso e fortes pendentes comportan un moi escaso desenvolvemento edáfico, existindo leptosois líticos, agás na parte oriental, onde se desenvolve un umbrisol dístrico-léptico.

AS AUGAS

Vertente acantilada carente de rede fluvial significativa con pequenas valgas de forte pendente e de escasa prolongación continental que desaugan na masa de Augas Costeiras da parte exterior da Ría de Ferrol (20125).

O PATRIMONIO NATURAL

Liña de costa e fondos mariños da ría de Ferrol protexido polo LIC Costa Ártabra. Costa acantilada baixa. Ao hábitat 1230, de cantís con vexetación das costas atlánticas súmalle o 1210, "Vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados", que aproveita plataformas e áreas de bloques en antigas canteiras. Nas vertentes aparece un mato costeiro moi degradado, que potencialmente desenvolve os hábitats 4030 de breixos secos europeos e 4040 de breixos secos costeiros atlánticos de Erica vagans.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A práctica totalidade do solo desta unidade está cuberto por formacións vexetais costeiras, cun mato moi degradado de breixos secos europeos e de Erica vagans. Existen certas superficies de bosques de repoboación, pequenas e moi diseminadas ao longo da unidade. A fronte litoral presenta a vexetación característica atlántica sobre os cantís que a conforman. No extremo nordeste, onde hai unha certa actividade antrópica, encontramos novos usos do solo, de vexetación mixta e vinculada á agricultura.

MORFOLOXÍA

Debido aos seus fortes condicionantes físicos, non se desenvolveu ningún asentamento no ámbito. As únicas edificacións que podemos encontrar son algunhas das vivendas do núcleo da Redonda (coñecidas como A Redonda de Riba), aínda que este se desenvolve na súa maior parte na unidade paisaxística da Enseada do Baño. Situadas no extremo nordeste da unidade, estas edificacións aséntanse ao longo da estrada AC-131 aproximadamente a unha cota de 40 metros sobre o nivel do mar, e correspóndense con tipoloxías tradicionais de vivendas unidas ao longo dunha estrada que atravesa o núcleo.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A única vía que atravesa a unidade é unha pista asfaltada que discorre paralelamente á costa en todo o seu percorrido, aproximadamente a 40 metros sobre o nivel do mar. Continúa o AC-131 que acaba no núcleo da Redonda, no extremo noroeste, e no extremo sueste, tras rodear a Punta de Segaña, continúa pola ladeira sur do Monte Faro ata enganchar coa C-0402. Non existe ningunha conexión transversal á costa que conecte esta unidade co interior.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Desde o punto de vista patrimonial, o elemento máis importante polo seu singular valor é o Castelo da Palma (BIC), terminado de construír en 1597 respondendo á necesidade estratéxica militar defensiva da ría de Ferrol, situado no bordo litoral nordeste, xusto enfronte do Castelo de San Felipe. Este punto coñécese como "Cu da Raiña", xa que foi onde en 1689 desembarcou a princesa Mariana de Neoburgo para casar con Carlos II na Vila de Mugaros. Tamén respondendo a esta función militar, as baterías de Segaña, situadas na Punta de Segaña (extremo nordeste da unidade) tamén son elementos de recoñecido valor patrimonial, que deben entenderse dentro do conxunto que conforma toda a serie de baterías defensivas que salpican a costa de Ares e Ferrol. Así mesmo, algunhas das casas e edificacións do núcleo de Redonda de Riba están catalogadas como patrimonio histórico e etnográfico.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A característica principal desta paisaxe é a súa homoxeneidade, xa que se trata dunha ladeira de forte pendente cunha cuberta na que apenas se producen discontinuidades. Non encontramos asentamentos nin unha rede de vías potente que altere a devandita continuidade, se ben a vía que atravesa lonxitudinalmente a unidade introduce unha interrupción na ladeira natural. É importante tamén o papel que xoga nesta unidade o patrimonio, xa que axuda a entender no seu contexto os exemplos de arquitectura militar que encontramos, tanto o Castelo da Palma como a batería de Segaña.

DINÁMICA DA PAISAXE

Os fortísimos condicionantes, que supoñen as características físicas desta unidade, preservárona de practicamente calquera intervención antrópica, polo que conservou ao longo do tempo as súas características e dinámicas evolutivas tradicionais. O solo nunca foi utilizado para actividades agrícolas nin gandeiras, nin para unha explotación forestal, e hoxe en día segue mantendo esa vexetación de mato costeiro degradado que cobre practicamente toda a unidade. Existen sen embargo pegadas de actividades extractivas de pedra a ceo aberto no litoral, actualmente sen uso.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A presente unidade inclúese, xunto coa unidade de Montes de Brión, no Espazo de Interese Paisaxístico Entrecastillos-Ría de Ferrol. Os seus caracteres xeomorfolóxicos e patrimoniais así como a súa incidencia no imaxinario social como escenario da paisaxe litoral do Golfo Ártabro convérteno nun fito configurador da paisaxe de Galicia. O maior valor que ten esta paisaxe é o seu grao de naturalidade. Deste xeito conserva practicamente inalterados os seus valores ambientais, permitindo que o Monte Faro, coa súa vertente ao mar, constitúa, xunto co Monte de San Cristovo, un encadre paisaxístico de especial potencia á entrada da Ría de Ferrol. Tamén é de especial valor o conxunto de elementos patrimoniais de arquitectura militar que conserva, sendo moi importante a súa relación coa paisaxe para entendela en toda a súa complexidade. Ao oeste da Praia de San Martiño existe un pequeno faro que permite a observación da paisaxe desde un punto intermedio da súa fronte costeira. Así mesmo, desde as baterías de Segaña e o Castelo da Palma xéranse unha serie de conexións visuais lonxitudinais que permiten o mellor entendemento deste territorio. Por último, destacar que a calidade e importancia ambiental dos cantís que conforman o litoral foron recollidos coa inclusión desta costa no LIC Costa Ártabra, que ten o seu límite oriental en Punta Redonda (o extremo nororiental da unidade). Destacar as singulares e fermosas vistas á Ría de Ferrol que se contemplan desde o Alto de Monte do Faro, o Castelo da Palma ou as Baterías de Segaña. Desde estes fitos paisaxísticos permítese a visibilidade co castelo de San Felipe, situado na costa oposta da Ría, e obtéñense amplas panorámicas das fachadas litorais da Graña, Mugardos e Ferrol.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



